

O ATRACTIVO DE ALFRED SCHUTZ EN DISCIPLINAS FORA DA FILOSOFÍA, COMO A XURISPRUDENCIA

Lester Embree
Florida Atlantic University (E.E.U.U.)

Abstract

It is speculated that Schutz's appeal beyond philosophy lies in how his theory of science (1) has a broad and welcoming notion of the non-naturalistic sciences concerned centrally with culture and persons; (2) clarifies basic concepts and methods, e.g., subjective meaning and interpretation, and plays down formal methods; (3) approaches non-philosophical disciplines in a respectful and helpful way and is interested in reflections on their own disciplines by cultural scientists, who are the ones to decide about proposed changes; and (4) provides at least the beginning of reflections on science-based practical disciplines.

Key words: Alfred Schutz, Cultural Sciences, Economics, Jurisprudence, Social Sciences, Sociology, Subjective Interpretation, Methodology, Philosophy of Social Science, Theory of Science.

Resumo

O atractivo de Schutz fora da filosofía, consiste en cómo a súa teoría da ciencia (1) ten unha noción ampla e receptiva das ciencias non naturalistas en canto ciencias que se ocupan principalmente da cultura e das persoas ("ciencias culturais"); (2) clarexa conceptos básicos e métodos, empezando polos relativos ao significado subxectivo e á interpretación (básicos en todas as ciencias culturais e polos que estas poden ser chamadas cualitativas e/ou interpretativas) e resta importancia aos métodos formais; (3) aborda disciplinas non filosóficas dun xeito respetuoso e cooperador e non dun xeito dominante, incluíndo reflexións dos científicos culturais sobre as súas mesmas disciplinas, pois son eles quen deciden sobre calquer cambio que se propoñan; e (4) proporciona polo menos o comenzo de reflexións sobre disciplinas prácticas baseadas na ciencia.

Palabras clave: Alfred Schutz, Ciencias culturais, Economía, Xurisprudencia, Ciencias sociais, Socioloxía, Significado subxectivo, Interpretación subxectiva, Metodoloxía, Filosofía da ciencia social, Teoría da Ciencia.

A bibliografía secundaria sobre o filósofo Alfred Schutz (1899-1955) que publicou, para o seu centenario, o Center for Advanced Research in Phenomenology, Inc. na súa páxina Web (www.phenomenologycenter.org), contén máis de 1.400 entradas. Estas entradas están principalmente en inglés, francés, alemán, xaponés, portugués e castelán, e as principais disciplinas que están representadas son as de comunicacións, economía, educa-

ción, etnoloxía, xeografía, historia, administración de empresas, medicina, enfermería, terapia ocupacional, filosofía, ciencias políticas, psicoloxía, psicoterapia, psiquiatría, estudos sobre relixión, socioloxía, e estudos sobre a muller. Isto suma sete idiomas e dezoito disciplinas, é dicir, dezasete ademais da filosofía, o que envexarán moitos filósofos. *¿Qué é o que ten o pensamento de Schutz que atraíu cada vez máis o interés das disciplinas non filosóficas durante as derradeiras sete décadas?*

Un xeito de responder a esta pregunta implicaría cuestionarios e entrevistas e lecturas sobre máis de 1.400 entradas en máis de sete idiomas. Esta tarefa non vai ser emprendida eiquí. En lugar diso, identificaremos certos trazos do esforzo básico de Schutz que poderían considerarse atractivos para as diferentes disciplinas non filosóficas e que reforzarían o interés nelas. Isto implicará, entre outras cousas, reflexionar sobre a natureza do seu traballo coma un todo e determinar como caracterizalo mellor, así como amosar como de lonxe pensaba él que se estendía a esfera das súas reflexións.

¿Cal é o principal pulo do pensamento de Schutz? E, ¿como se relaciona este coa pregunta encol de por que este pensamento é tan apreciado entre as disciplinas non filosóficas? Esta pregunta pódese abordar comenentemente preguntando algo relacionado coa nomenclatura: ¿que tiduo usarían os investigadores hoxe en día para denominar o esforzo básico de Schutz? En 1940 él mencionoulle algo significativo a Talcott Parsons: “Témome -decía- que neste país os termos *methodology* [metodoloxía] e *epistemology* [epistemoloxía] úsanse nun sentido máis restrinxido que os seus equivalentes en alemán, e aceptei istos termos só porque non puđen dar cunha mellor traducción para ‘*Wissenschaftslehre*’...”¹ (Schutz non se refire ao termo “*philosophy of science*” [“filosofía da ciencia”] nesa ocasión, se ben podería ser tamén unha traducción posible para ‘*Wissenschaftslehre*’). Cómo denominar en inglés a súa empresa non só se presenta, pois, como algo en certo modo problemático, senón que está relacionado coas cuestións máis amplas de importancia temática para o autor mesmo, posto que el sabía que a súa emigración a Norteamérica supoñía máis que un cambio de idioma: a elección dun termo acarrea consecuencias que varían dacordo co contexto cultural. ¿É acaso “*methodology and epistemology*” o mellor xeito de se referir ao cerne da súa obra, ou hai agora un mellor termo?

Alfred Schutz usa, en efecto, “*methodology and epistemology*” posteriormente² —despóis voltaremos sobre esta expresión. Parece que non utiliza “*Wissenschaftslehre*” noutro lado, mais na súa obra de cedo *Der sinnhafte*

¹ Alfred Schutz, *The Theory of Social Action: The Correspondance of Alfred Schutz and Talcott Parsons*, ed. Richard Grathoff, Bloomington/London, Indiana University Press, 1978, p. 101. En adiante, esta fonte será citada como “TSA”.

² Alfred Schutz, *Collected Papers*, vol. I, ed. Maurice Natanson, The Hague, Martinus Nijhoff, 1962, p. 251. (Edición en español: *El problema de la realidad social*, Trad. Néstor Míguez, Buenos Aires, Amorrortu, 1974, p. 232). En adiante, esta fonte citarase como “I” / Alfred Schutz, *Collected Papers*, vol. II, ed. Arvid Broederssen, The Hague, Martinus Nijhoff, 1964, p. 64. En adiante, esta fonte citarase como “II”.

Aufbau der sozialen Welt (1932) usa tamén “*Wissenschaftstheorie*”³ —que semella ser sinónimo de “*Wissenschaftslehre*”—, e a primeira expresión é utilizada tamén nun manuscrito de 1936: “*Solche Kritiken moegen fuer gewisse Art wissenschaftstheoretischen Einstellung nicht ganz untreffend sein*”⁴. Daquela, é posible outra expresión en inglés: “theory of science” [“teoría da ciencia”] (ou alternativamente, “*science theory*” [“teoría da ciencia”], a que da lugar, entón, ao modificador “*science-theoretical*” [“teórico-científico”]). Parece que Schutz non utiliza “*theory of science*” como tal en inglés, mais si una “*theory of the social sciences*” [“teoría das ciencias sociais”] polo menos unha vez⁵. En inglés hoxe, “*Theory of science*” é preferible a “*methodology*” (e tamén a “*epistemology and methodology*” e a “*philosophy of science*”) polo menos por tres razóns:

(1) O que probablemente non era o caso nos anos 30, especialmente en Austria para “*Methodenlehre*”, agora, polo menos en Estados Unidos, “*methodology*” moi a miúdo refírese, en ciencias sociais e na filosofía das mesmas, á análise formal, o que quere decir á estadística e á lóxica. Dende moi cedo Schutz estaba ben familiarizado con este significado formalista de “*methodology*” a partires do traballo de seu amigo Felix Kaufmann, mais non puxo ningún énfase nel. En vez disto, para el, “o problema de tratar con fenómenos subxectivos en termos obxectivos é o problema da metodoloxía das ciencias sociais” (TSA, 36), que é un problema que el nin plantexa nin arranxa a traveso da análise lóxica. (Hai que mencionar que, de vez en vez, usa a verba “*logic*” [“lóxica”] dun xeito que semella equivalente a “*theory of science*”, coma por exemplo en “*logic of science*” [“lóxica da ciencia”] (I, 251), mais un tamén podería preguntarse se o termo “*logic*” conserva hoxe ese significado no inglés filosófico). En suma, a expresión “*theory of science*” pode nomear unha disciplina que probablemente inclúa mais que non estea enfocada cara á análise formal -cousa que xa non pode facer doadamente a expresión “*methodology and epistemology*” en inglés.

(2) A expresión “*philosophy of the social sciences*” [“filosofía das ciencias sociais”] é usada por algúns en relación co principal pulo do pensamento de Schutz, mais pode ter connotacións excluínas, é dicir, pode insinuar que só os

³ Alfred Schutz, *The Phenomenology of the Social World*, trans. Gerge Walsh e Frederick Lehnert, Evanston, IL, Northwestern University Press, 1967, p. 7. En adiante, esta fonte será citada como “PSW”.

⁴ Agradezo a Martin Endress do Sozialwissenschaft Archive Konstanz por comunicarme o alemán orixinal de Schutz para esta oración. Helmut Wagner tradúcea así: “Such criticisms may not be completely misplaced with regard to a certain kind of theoretical-scientific approach” [“unhas críticas de tal xeito poden non ser de todo desacertadas polo que toca a certo tipo de enfoque teórico-científico”]. Alfred Schutz, *Collected Papers*, vol. IV, ed. Helmut Wagner, George Psathas and Fred Kersten, Dordrecht, Kluwer Academic Publishers, 1996, p. 121. En adiante, esta fonte citarase como “IV”.

⁵ Alfred Schutz, “Positivist Philosophy and the Actual Approach of Interpretative Social Science”, ed. Lester Embree, en *Husserl Studies*, vol. XIV (1997) p. 137. En adiante, esta fonte citarase como “PP”.

filósofos poden comprometerse co esforzo en cuestión, e isto pode ser aínda máis certo con “*epistemology*”. Schutz, nembargantes, pretende incluír a científicos —como por exemplo, a Talcott Parsons— en discusións teórico-científicas, cando escribe en certo momento encol de “nós os científicos sociais e filósofos interesados no método das ciencias sociais”⁶. Ditos científicos poden ser incluídos porque “é unha característica básica das ciencias sociais plantexar unha e outra vez a cuestión do significado dos seus conceptos básicos e dos seus procedimentos. Todas as tentativas por arranxar este problema non son meros preparativos para o pensamento científico-social; son un tema perpetuo deste pensamento mesmo” (IV, 121). Concebida así, a “teoría da ciencia” pode incluír reflexións críticas sobre a ciencia feitas por científicos así como por filósofos, cousa que non pode facer a “filosofía da ciencia”.

(3) Finalmente, está a actitude coa que Alfred Schutz conscentemente aborda as disciplinas que lle interesan:

“Na medida en que [os científicos sociais] usan métodos que pasaron a proba e que aínda a pasan, teñen xustificación para continuar o seu traballo sen se molestar con problemas metodolóxicos. Non teño a intención de compartir a presunción de certos metodólogos que critican o que nas ciencias sociais se leva a cabo con xenuína destreza... A metodoloxía ten un papel máis humilde. Non é o preceptor ou o titor dos científicos; os metodólogos son sempre os seus alumnos. Non hai un grande mestre en ningún campo da ciencia que non poda ensinar aos metodólogos como deberían proceder... O metodólogo no seu papel ten que preguntar as preguntas intelixentes das técnicas dos seus mestres. Levóu a cabo a súa tarefa se as súas preguntas axudan a outros a reflexionar sobre o que realmente fan e tal vez a inducilos a eliminar certas dificultades intrínsecas agochadas nos alicerces do edificio científico que os científicos mesmos endexamáis inspeccionaron” (IV, 24; cfr. IV, 146 e II, 88).

A posición de Schutz podería denominarse, xa que logo, *prescriptivismo amable*. El ten realmente a esperanza de “inducir” cambios no modo en que fai a ciencia, mais non pretende conducir as accións dos científicos; en lugar diso, presenta explicacións tan respetuosas como penetrantes encol das dificultades que poden afectar ao seu traballo. Os científicos mesmos deberían decidir, entón, se cambiar ou non o que dende logo son os seus enfoques propios. Deste xeito, os científicos non só están invitados á conversación, senón que explícitamente están encargados de decidir se a reflexión teórico-científica debería afectar a práctica real. Esta actitude de respecto cara a súa autoridade tamén debe contribuir ao atractivo que exerce Schutz sobre os científicos practicantes. Mais non son só os trazos da inclusión e o respecto os que desempeñan eiquí un papel; o feito de que lle importe algo máis que a análise meramente formal, é probablemente tamén unha parte crucial do seu atractivo.

Se o anterior podería levar a algúns a falar hoxe de “teoría da ciencia” en lugar de “metodoloxía”, entón a pregunta clave é: *¿cál é o tema da teoría da ciencia de Schutz?* O tema, como se citou enriba, está localizado nos “alicerces

⁶ PP, 134. Cfr. Lester Embree “Methodology is where Human Scientists and Philosophers can meet: Reflections on the Schutz-Parsons Exchange”, *Human Studies*, vol. III (1980).

do edificio científico” que os científicos poden non haber inspeccionado xamáis, e a expresión “conceptos básicos e métodos” que se utilizou enriba, abrangue case todo —se non é todo— o que se refire a eles. A noción de “significado subxectivo” (noción que ven de Max Weber mais que non está inmune á reconsideración) é, para Schutz, o concepto básico central, e será discutido máis adiante. En canto aos métodos, quen es tean familiarizados coa obra de Schutz pensarán neste punto nos seus postulados para o pensamento científico, e algúns destes tamén serán considerados no que sigue. Neste punto, nembargantes, compre unha resposta para a pregunta teórico-científica primordial encol do que a “ciencia social” é.

A pregunta sobre o que a ciencia social mesma é, presupón unha resposta á pregunta sobre o que a ciencia é en xeral para Schutz. Para decilo brevemente, el adica “On Multiple Realities” (1945) a amosar como as ciencias en xeral son *teóricas*. A actitude do científico é entón contemplativa, mais xa que hai outras actitudes contemplativas —como por exemplo, a actitude relixiosa—, hai que engadir algo. Para Schutz trátase da participación nunha disciplina científica xa establecida:

“Por suposto, o pensador teórico pode elexir ao seu arbitrio, determinado unicamente por unha inclinación enraizada na súa persoalidade íntima, o terreo científico no que desexa intervir e cecáis tamén o nivel (en xeral) no que desexa efectuar as súas investigacións. Mais tan pronto como se ten decidido tocante a isto, o home de ciencia entra nun mundo preconstituído de contemplación científica que lle transmite a tradición histórica da súa ciencia... Todo problema que xurde dentro do campo científico debe participar do estilo universal deste campo e ser compatible cos problemas preconstituídos e a súa solución aceptándoos ou rexeitándoos”⁷.

Ademáis, Schutz ten unha posición sobre a taxonomía das ciencias un chisco diferente do que polo menos a meirande parte dos científicos sociais e filósofos da ciencia norteamericanos dan por suposta. Fala pouco das *ciencias formais* da lóxica e as matemáticas, aínda que estaba dacordo con Husserl e os positivistas sobre o uso da lóxica para unificar formalmente as ciencias empíricas (I, 49; PP, 128). Os varios sinalamentos que fai sobre as *ciencias naturalistas* tamén semellan husserlianos e non é necesario eiquí nada sobre eles directamente.

Débese e pódese engadir algo, nembargantes, encol da *diferencia* entre ciencias naturalistas e as ciencias que a Schutz lle dou por chamar, en Austria, “*die Kulturwissenschaften*” —ciencias ás que máis tarde en Norteamérica chamou “as ciencias sociais” (nun senso amplo):

“O investigador que se ocupa dos obxectos do mundo da natureza —di— en modo algún está na mesma relación cos obxectos do seu interés que o sociólogo, o economista, o

⁷ I, 120 (Traducción al español, Ibid. p.231). Cfr. Lester Embree, “Schutz on Science” en *Worldly Phenomenology: The Continuing of Alfred Schutz on North American Human Science*, ed. Lester Embree.

teórico do dereito ou o historiador. Calquer consideración ben fundada dos problemas metodolóxicos das ciencias sociais [sic] necesita empezar por clarear esta diferenza" (IV, 121).

O que é crucial é que o campo observacional nunha ciencia cultural sempre é xa significativa para a interpretación do sentido común:

"Ten un significado particular e estrutura de relevancia para os seres que viven, pensan e actúan nel. Eles teñen pre-seleccionado e pre-interpretado este mundo por medio dunha sorte de constructos de sentido común da realidade da vida diaria, e son estes obxectos de pensamento os que determinan o seu comportamento, definen as metas das súas accións e os medios disponibles para atinxilas, en suma, que os axudan a dar coa súa posición dentro do medio socio-cultural e a amañarse con el. Os obxectos de pensamento construídos polo científico social refírense a, e están fundados sobre, os obxectos de pensamento construídos polo pensamento de sentido común do home que vive a súa vida cotiá entre os seus semellantes. (PP, 136)

En contraste coa significatividade constituída ou, mellor dito, construída no pensamento de sentido común,

"...o concepto de natureza ao que se refíren as ciencias naturais, é, como ten sinalado Husserl, unha abstracción idealizadora do *Lebenswelt*, abstracción que, en principio e - por suposto- lexítimamente, exclúe ás persoas, a súa vida persoal e todos os obxectos de cultura que se orixinan, como tal, na actividade humana práctica. Nembargantes, precisamente esta mesma capa do *Lebenswelt* a partir da cal deben facer as súas abstraccións as ciencias naturais é a realidade social que deben investigar as ciencias sociais (I, 58; cfr. PP,133). (Trad. Ibid., p. 79).

Posto que inclúe persoas e obxectos culturais, o mundo socio-cultural significativo é concreto e deis que sexa anterior á natureza que é abstraída del polo científico naturalista. Ademáis, este mundo socio-cultural é o tema global do xénero das ciencias teóricas que Schutz chama ciencias culturais no seu programático e fundamental ensaio. "A fenomenoloxía e as ciencias sociais" (1940) que se proxectou baixo o seu título en alemán encol de *die Kulturwissenschaften*, expresión que tamén aparece no orixinal alemán (IV, 106).

A expresión *die Kulturwissenschaften* ten, dende logo, connotacións neokantianas. Ademáis Schutz era reaccio a encostar a posición de Max Weber en relación con isto, porque é idiográfica e particularizadora (PP, 126s). Nembargantes, sigue sendo verdade que a preocupación polo mundo cultural é o que para Schutz define ás ciencias culturais. E, en canto ao que significa "cultura", Schutz afirma no manuscrito de 1950 "La teoría da cultura de T.S. Eliot", que cultura é aquilo que "*da por suposto* determinado grupo social en certo período da súa existencia histórica"⁸. E poderíase engadir que o primeiro lugar no que hai que buscar os significados que conforman a significatividade do mundo cultural dado-por-suposto da vida cotiá, é o vernáculo do grupo en cuestión:

⁸ Alfred Schutz, "T.S. Eliot's Theory of Culture" (1950), ed. Lester Embree (en preparación).

“A meirande parte do noso coñecimento non se orixina dentro da experiencia persoal, senón que é socialmente derivado, proporcionado por amigos, pais, mestres, e os mestres dos meus mestres. Non só se me ensina como definir o medio cos seus rasgos típicos, senón tamén como os constructos típicos teñen que ser formados dacordo co sistema de relevancias, as cales son aceptadas dende o punto de vista unánime do grupo no que vivo. Un papel particular neste contexto o desempeña o vernáculo da vida cotiá, o cal é primeiramente unha linguaxe de nomes de cousas e sucesos, e todo nome inclúe a tipificación e xeneralización que se refiren ao sistema de relevancia que prevalece no grupo-interno lingüístico que achou a cousa nomeada suficientemente significativa para darlle un termo afastado para ela. O vernáculo pre-científico é unha ucha de tesouros de tipos e características xa feitos pre-constituídos, todos socialmente derivados e cargando consigo horizontes abertos de contidos inexplorados” (PP, 141).

Se isto basta para definir o xénero das ciencias culturais en contraste coas ciencias naturalistas, ¿que hai das ciencias especificamente *sociais*? Un podería pensar que non hai diferenza algunha para Schutz entre as ciencias sociais e as culturais. Despois de todo, en Austria a veces usa “*Socialwissenschaft*” nun sentido amplo, que inclúe historia, biografía, economía, xurisprudencia, ciencia política e socioloxía (PSW, 242), e en Estados Unidos as veces usa “*social sciences*” para incluír economía, historia, psicoloxía, antropoloxía social, psicoloxía social e socioloxía (PP, 127; I, 49). Se ben se dirixen a trazos do mundo socio-cultural, e son polo tanto ciencias culturais, a historia da arte, a biografía, a historia, a psicoloxía e, especialmente, a xurisprudencia, rara vez, se acaso, son consideradas especificamente como “ciencias sociais” hoxe en Estados Unidos. ¿Hai, para Schutz, especies de ciencias culturais así como hai as especies de ciencias biolóxicas e tamén físicas dentro do xénero da ciencia naturalista?

Ao parecer, Schutz reconece tres especies de ciencias culturais. A historia da arte e a historia (podería engadirse a arqueoloxía) son clasificadas preferentemente como ciencias especificamente históricas, xa que tematizan trazos do mundo dos predecesores. A biografía podería pertencer a elas cando se estudian individuos falecidos, mais igualmente podería pertencer á teoría da arte e especificamente á literatura, á que Schutz tamén contribuíu⁹. Non as denomina especies, mais as *ciencias psicolóxicas* poderían constituír outro grupo dentro das ciencias culturais, un grupo que tematiza esencias e feitos da vida cultural individual e inclúe á “psicoloxía fenomenolóxica” (IV, 26) de “On Multiple Realities” e tamén outros textos, tal como a Segunda Parte de *Der sinnhafte Aufbau der sozialen Welt*, así como a psicoloxía social de “The Stranger” (1944) e “The Homecomer” (1944). Certamente, nembargantes, a economía, a etnoloxía, a ciencia política, a socioloxía e tamén a lingüística son *ciencias sociais* no significado estricto que exclúe tanto ás ciencias de tipo psicolóxico como as de tipo histórico¹⁰. As ciencias desta especie tematizan aos

⁹ Lester Embree, ed., *Alfred Schutz's "Sociological Aspects of Literature"*, Dordrecht, Kluwer Academic Publishers, 1998.

¹⁰ Cfr. “Alfred Schutz's ‘Problems of a Sociology of Language’ (Fall Semester, 1958)”, ed. Fred Kersten, *Human Studies*, número especial adicado aos novos materiais de Schutz, en preparación.

“contemporáneos” no sentido schutziano estricto que inclúe só a aqueles outros que un eu pode entender na vida cotiá e sobre os que pode influir indirecta e recíprocamente. Definir o tema das ciencias sociais e outras especies de ciencias naturais é parte da teoría ou metodoloxía da ciencia, e a posición de Schutz é aquela na que poden atopar un lugar moitas disciplinas relacionadas con obxectos culturais e vida conscente. Debido á inclusión deses temas centrais, esta posición está en oposición ao positivismo e, posto que moitos dos que aprecian a Schutz tamén se opoñen ao positivismo, esta é probablemente unha parte adicional do seu atractivo fora da filosofía.

O traballo de Schutz ofrece conscentemente unha clara alternativa ante o positivismo. “A metodoloxía e os estudos da lóxica da ciencia —escribe— fóronse ocupando por máis de dous séculos fundamentalmente da lóxica das ciencias naturais e asumen que as súas técnicas de clasificación, medición, construción teórica e correlación empírica son as únicas científicas” (PP, 125). Noutras palabras, “as ciencias sociais modernas desenroláronse durante un período no que a ciencia lóxica ocupabase principalmente da lóxica das ciencias naturais. Nunha sorte de imperialismo monopolístico, os métodos destas últimas adoitáronse declarar os únicos científicos, namentras se descuidaban os problemas específicos que achaban na súa labor os especialistas en ciencias sociais” (I, 49) (Trad. *Ibid.*, p. 72). É interesante notar que “os recursos metodolóxicos particulares elaborados polas ciencias sociais para comprender a realidade social son máis adecuados que os das ciencias naturais para conducir ao descubrimento dos principios xerais que gobernan todo coñecemento humano” (I, 66) (Trad. *Ibid.*, p. 85).

II

¿Realmente pretendía Alfred Schutz que a súa teoría das ciencias culturais se espallara tan lonxe como para abranguer a taxonomía establecida máis enriba e, xa que logo, a lista anterior de dezaoito disciplinas, moitas das que poden doadamente axeitarse nesa taxonomía? Para moitos, dende logo, el é somentes un filósofo ou teórico da socioloxía, mais hai pasaxes que amosan que propuxo a súa teoría da ciencia para abranguer moito máis que esa ciencia particular. En realidade, un estudio no que se amosara como a xurisprudencia é para él unha ciencia social, debería deixar ben claro que ampla é a esfera da teoría da ciencia de Schutz.

O exame dos conceptos metodolóxicos básicos de Weber na Primeira Parte de *Der sinnhafte Aufbau*, a correspondencia con Parsons, e os feitos de que principalmente ensinou socioloxía e que tuvo alumnos importantes e seguidores de moi cedo en socioloxía na New School for Social Research durante os anos 40 e 50, tenden a apoiar o punto de vista de que só é un filósofo da socioloxía. Ademáis, el mesmo escribe que, “dende os meus primeiros anos de estu-

diante, o meu principal interés estaba nos fundamentos filosóficos das ciencias sociais, especialmente da socioloxía”¹¹. Nembargantes, na sección 41 de *Der Sinnhafte Aufbau* está claro que tamén pretende contribuir á teoría da *historia*. Máis aínda, na citada carta a Parsons de 1940 tamén escribe: “Non iniciéi os meus esforzos científicos como filósofo ou lóxico aínda que estes problemas provocáranme decote o nái fondo interés dende os meus días de estudante. Eu viña dos problemas máis concretos de economía e de teoría do dereito” (TSA, 102). Ademáis, na sección 49 —“Significado obxectivo e subxectivo nas ciencias sociais”—, que é a sección anterior á derradeira de *Der sinnhafte Aufbau*, afirma que “todas as ciencias sociais son contextos-de-significado obxectivos sobre contextos-de-significado subxectivos” (PSW, 241) e prosigue coa discusión sobre *economía* e *xurisprudencia*, ás que considera como “as dúas ciencias sociais ‘teóricas’ máis avanzadas” (PSW, 248), ¡observación que implica que a socioloxía era, polo menos nese tempo, menos avanzada!

¿Que hai da economía e da xurisprudencia? Dacordo coa entrevista inédita que lle concedíu a Betinna Greaves en novembro de 1958, Schutz non se consideraba a si mesmo coma un economista. Nembargantes, a economía, máis que a socioloxía, en realidade pode ser a ciencia particular máis discutida na súa obra, e non cabe dúbida de que é unha ciencia social en senso estricto. Esta non é, con todo, emporiso, a ocasión para presentar a teoría de Schuitz sobre a economía.

Pode semellar raro considerar a xuridisprudencia coma unha ciencia social. Que así o fixera Schutz amosa máis que calquer outra cousa a amplitude con que pretendía que se considerara a súa teoría da ciencia social. As súas observacións espalladas sobre dereito son tan poucas que a meirande delas poden ser citadas e comentadas eiquí. Para empezar, e ao principio sen unha mención explícita do dereito, está o motivo ou a meta “para” que comparten todas as ciencias sociais:

“O obxectivo primerio das ciencias sociais é conquistar un coñecemento organizado da realidade social. Quero que se entenda por “realidade social” a suma total de obxectos e sucesos do mundo social cultural, tal como os experimenta o pensamento de sentido común dos homes que viven a súa existencia cotiá entre os seus semellantes, con quenes os vinculan múltiples relacións de interacción. É o mundo de obxectos culturais e institucións sociais no que todos nacimos, dentro do cal debemos movernos e co que temos que entendernos (I, 53) (Trad. Ibid., pp. 74s.).

Daquela, ao discutir os medios para atinxir dito “coñecemento organizado da realidade social”, Schutz refírese ao dereito: “unha teoría encamiñada a explicar a realidade social debe elaborar recursos particulares alleos aos das

11 Alfred Schutz, “Husserl and his Influence on Me”, ed. Lester Embree, en *Annals of Phenomenological Sociology* 2 (1977) pp. 40-44; reedición en *Crosscurrents in Phenomenology*, ed. Ronald Bruzina/Bruce Wilshire, The Hague, Martinus Nijhoff, 1978. En adiante, esta fonte cítase como “HI”.

ciencias naturais, destinados a coincidir coa experiencia de sentido común do mundo social. Isto é, en verdade, o que fixeron todas as ciencias teóricas dos asuntos humanos: economía, socioloxía, ciencias xurídicas, lingüística, antropoloxía cultural, etcétera” (I, 58) (Trad. *Ibid.*, p. 79).

O feito de que Schutz fale das “ciencias” xurídicas en plural semellaría que se debe a que existe a socioloxía do dereito, que será considerada máis abaixo, e tamén a historia do dereito (PSW, 242), que, como a historia, é probablemente diferente do dereito dacordo coa perspectiva da ciencia social no sentido schutziano máis estricto. Fala, nembargantes, do entrenamiento legal dende unha perspectiva deica certo punto histórica e comparativa:

“Calquer tema require dun xeito de enfocalo en particular e este xeito varía segundo as culturas e as épocas... Para dar só un exemplo, non podería decirse que o abogado norteamericano ben entrenado é superior ao abogado francés ben entrenado, ou viceversa, se ben nos países con dereito civil o estudante de dereito é entrenado primeiro durante varios anos no sistema do dereito romano e, despois, no dereito nacional do seu país, logo nas técnicas de aplicación e de interpretación do dereito, e só ao final do seu entrenamiento estudia casos reais. O estudante nunha escola de dereito norteamericana comenza con análises de casos, e a partires de aí chega a unha comprensión da teoría do dereito como tal, da evidencia, da interpretación, e así sucesivamente”¹².

A historia do dereito e a socioloxía do dereito probablemente contrastan coa xurisprudencia teórica do mesmo xeito que a historia da economía e a socioloxía da economía contrastan coa economía teórica (PSW, 137). En canto á xurisprudencia teórica, Schutz mesmo sostén que “o sistema moderno de xurisprudencia teórica está, como sistema teórico, tan desenrolado, digamos, como o sistema da química ou o da bioloxía” (PP, 131). Aínda así, escribe, nembargantes, que “temos unha sorte de ciencias bastante avanzadas que emporiso non poden definir adecuadamente o seu tema... Moitas escolas de pensamento teñen conflitos ao tentar definir a natureza do dereito” (RPR, 99).

Un pasaxe anterior de feito está a suxerir certa especificación da ciencia da xurisprudencia en relación con outras disciplinas -especificación que distinguiría á ciencias como tal, á vez que antecedería ás diferencias entre escolas de pensamento dentro da xurisprudencia.

“En filoloxía sempre hai unha cuestión sobre se o que se está a estudar é o significado obxectivo dunha palabra nun intre definido nunha área definida dun idioma ou, en segundo lugar, o significado subxectivo que toma a palabra baixo o uso dun autor particular ou dun círculo particular de falantes, ou, en terceiro lugar, o significado ocasional que toma segundo o contexto do discurso. De novo, todo estudante de dereito está familiarizado coa distinción entre considerar un asunto de dereito coma unha proposición dentro dun sistema legal en concordancia con cánones de interpretación filosóficos e xurídicos, por unha banda, e preguntándose, por outra banda, cales eran as ‘intencións do lexislador’” (PSW, 138).

¹² Alfred Schutz, *Reflections on the Problem of Relevance*, ed. Richard Zaner, New Haven, Yale University Press, 1970, p. 98. En adiante, esta fonte citarase como “RPR”.

Esta é, dende logo, unha alusión á distinción entre o significado obxectivo e o subxectivo. Probablemente para Schutz os cánones xurídicos de interpretación e o énfase nas expresións legais en lugar doutro tipo de expresións lingüísticas serían, pois, específicos da ciencia da xurisprudencia, sen tomar en conta ningunha outra especificación segundo a escola de pensamento. É tamén concebible que poidera haber especificado adicionalmente o dereito dacordo cos tipos de evidencia que rixen nel, mais semella non habelo feito.

Schutz estudiou dereito en Viena con Hans Kelsen, a única persoa á que consideraba o seu mestre. O que el di de Kelsen e da súa teoría pura do dereito, así como de Felix Kaufmann, quen conduxo a Schutz á fenomenoloxía, é tamén eiquí relevante:

“Kelsen non só era unha persoaalidade e un mestre abraiantes; ofrecíalles aos seus estudantes un enfoque único das ciencias sociais. A teoría pura do dereito era no sentido verdadeiro un sistema teórico deseñado para explicar o comportamento humano concreto, na medida en que é relevante para o xurista. Baseada nas ensinanzas epistemolóxicas da escola neokantiana, dacordo coa que o método é o que constiúe o obxecto da investigación, a teoría de Kelsen distingue entre os trazos sociolóxicos e os trazos xurídicos do dereito. Istos últimos consisten nun corpo de proposicións de carácter específico, chamados normas, e a súa validez normativa non pode ser derivada dos feitos. O “é” e o “debe”, di Kelsen, descansan en diferentes planos.

Kaufmann recoñeceu inmediatamente os méritos e defectos desta teoría. Familiarizouse en moi pouco tempo cos escritos e convirtiuse nun dos membros prominentes do círculo que rodeaba a Kelsen. As súas principais contribucións ao desenrolo da teoría de Kelsen consisten en reemplazar a epistemoloxía kantiana pola fenomenoloxía, nunha clara análise do carácter dobre da norma que é á vez norma sustantiva e sanción, na redución do reino do “debe” (a norma) ao reino do “é” (o comportamento humano subxacente), e nunha coidadosa elaboración dos criterios da norma legal, baseados na conduta humana (IV; cfr. HI, 125).

É difícil determinar ate que punto estaba dacordo Schutz coa teoría fenomenolóxica do dereito de Kaufmann. Nembargantes, é moi probable que seguira aos neokantiáns e a Husserl, así como a Kelsen e a Kaufmann, ao recoñecer unha distinción entre proposicións e disciplinas teóricas e normativas. Se é así, unha explicación puramente científico-social do comportamento humano “na medida en que é relevante para o xurista” podería voltarse normativa mediante a adición de normas.

Material manuscrito recentemente publicado¹³, así como “Equality and the Meaning Structure of the Social World” (1955) e especialmente “In Search of the Middle Ground” (1955), amosan como Schutz vai realmente alén do puramente teórico en relación coa conduta humana¹⁴. No “Homecomer”, por exemplo, a “conclusión práctica” de Schutz encol dos veteráns que voltan da

¹³ Lester Embree, “The Ethical-Political Side of Schutz: His Contributions at the 1956 Institute on Ethics concerned with Barriers to Equality of Opportunity”, en *Lester Embree, ed., Schutzian Social Science*, Dordrecht, Kluwer Academic Publishers, 1999.

¹⁴ Cfr. Lester Embree, “Schutz on Reducing Social Tensions”, en Kevin Thompson e Lester Embree, eds., *Phenomenology of the Political*, Dordrecht, Kluwer Academic Publishers, 2000.

guerra é outro exemplo dunha posición que é máis que teórica (tal vez a norma implícita pode ser explicada como “O grupo receptor e o membro que volta deben chegar a aquecerse un co outro o máis rápida e suavemente posible”):

“Moito se ten feito e moito se fará para preparar ao veterano que volta ao fogar para o proceso necesario de aquecemento. Nembargantes, semella ser igualmente indispensable preparar ao grupo doméstico para iso. Teñen que aprender mediante a prensa, a radio, o cine, que o home que esperan será outro e non o que maxinaban que sería. Será unha tarefa difícil usar a maquinaria propagandística na dirección oposta, a saber, para destruír o pseudotipo da vida do combatiente e da vida do soldado en xeral e reemplazalo pola verdade. Mais é indispensable desfacer a glorificación dun heroísmo hollywoodense cuestionable, amosando a verdadeira imaxe do que estes homes sobrelevan, como viven, o que pensan e sinten -una imaxe non menos meritória e non menos evocadora” (II, 1818).

En suma, a teoría de Schutz non se opón á práctica, senón que realmente pode suxerir aplicacións prácticas unha vez que se engaden normas. Se unha norma fora formulada en termos de fins como as posibilidades máis actualizables e se “o fin máis apropiado” refírese a dita posibilidade, daquela é eiqüi relevante o postulado de reacionalidade que fai Schutz:

“O tipo ideal de acción social debe ser construído de xeito tal que o actor no mundo vivinte represente o acto tipificado se tivera un coñecemento científico claro e distinto de todos os elementos salientables para a súa elección así como a tendencia constante a eleir os medios máis apropiados para a realización do fin máis apropiado (II, 86).

Sexa como sexa, se os membros de varias disciplinas non-filosóficas, sociolóxicas e demáis, sentiran esa utilidade práctica implícita da ciencia teórica que indudablemente Schutz contempla, esta sería outra faciana do seu atractivo.

III

Compre decir algo sobre conceptos básicos e métodos —unha vez máis, primeiro en xeral, e despois no caso da xurisprudencia como ciencia social. O concepto básico máis fundamental nas ciencias sociais e, para o caso, culturais, é o significado subxectivo. Ao principio de “The Stranger” (1944), Schutz afirma que “Este patrón cultural dun grupo, ao igoal que calquer fenómeno do mundo social, ten un carís diferente para o sociólogo e para o home que actúa e pensa dentro del”, e engade nunha nota a pé que “esta visión semella ser a contribución máis importante dos escritos metodolóxicos de Max Weber aos problemas de ciencia social” (II, 92 & n. 2). Ao remate da súa vida, Schutz particularizou o significado subxectivo para o dereito en “Some Equivocations in the Notion of Responsibility” (1957) de cinco maneiras: “calquer lei significa algo diferente para o lexislador, a persoa sujeta á lei (o cidadán que acata a lei e o que a infrinxe), a corte que interpreta a lei, e o axente que a fai cumprir”¹⁵.

¹⁵ Ao principio dese mesmo ensaio e nun nivel máis xeral, Schutz critica a terminoloxía de Weber: “Ao usar a expresión ‘o aspecto subxectivo’ para a noción de ‘sentirse responsable’ en termos da primeira persoa, adoptamos unha terminoloxía das ciencias sociais desafortunada, mais polo de agora xeralmente aceptada, como por exemplo a distinción entre significado

E se o significado subxectivo é o concepto básico fundamental de Schutz, daquela a interpretación subxectiva é o seu método fundamental. O postulado para iso foi formulado nunha ocasión do seguinte xeito: “O científico ten que preguntar que tipo de mente individual pode construírse e que pensamentos típicos deben atribuírse a ela para explicar o feito en cuestión como o resultado da súa actividade dentro dunha relación comprensible” (II, 85). A particularización deste postulado para a lei pódese ver na seguinte pasaxe:

“Dacordo con Kelsen, o significado subxectivo que teñen os actos legais individuais para aquel que os executa ou que os leva a cabo débese ordear dentro dun contexto-de-significado obxectivo por medio do que *nós* poderíamos chamar construcións típico-ideais por parte da ciencia interpretativa da xurisprudencia. A construción típico-ideal que atopamos en xurisprudencia realízase ao traveso da formalización e da xeneralización, exactamente como en economía pura. En economía pura o principio de utilidade marxinal é o principio definitorio de todo o campo e presenta un esquema outamente interpretativo que por si só fai posible a sistematización científica dos contextos-de-significado subxectivos dos actos económicos individuais. Do mesmo xeito, no reino da xurisprudencia pura, como o recoñeceu claramente o mesmo Kelsen, a aplicación dunha norma básica presuposta determina a área de invariabilidade para todos aqueles contextos-de-significado de actos legais que son relevantes para a xurisprudencia ou que, para usar terminoloxía técnica, traen a marca da positividade” (PSW, 246).

Semella que Schutz recoñece un componente teórico-científico dentro da chamada “xurisprudencia pura” de Kelsen. Mencionando outro postulado, que non compre ser explicado eiquí, Schutz ofrece o seguinte método correspondente á socioloxía legal, a que semellaría ser máis unha disciplina teórica que normativa:

“A socioloxía interpretativa...debe construír tipos ideais personais para actores sociais que son compatibles cos construídos polos socios destes. Este fin pode ser visto coma un postulado para a socioloxía interpretativa. Visto máis de perto, redúcese a un principio máis básico -o postulado da adecuación-de-significado. Este postulado establece que, dada unha relación social entre contemporáneos, os tipos ideais personais dos socios e as súas experiencias de conciencia típicas deben ser congruentes entre si e compatibles coa relación típica-ideal mesma. Un bo exemplo do tipo de clarexamento que se precisa radica no campo da socioloxía legal. Esta disciplina enfronta grandes dificultades cando se propón formular descripcións de relacións legais entre varios socios, por exemplo, entre o lexislador e o intérprete da lei, entre o executor e o suxeito da lei. A socioloxía legal, propónse

subxectivo e obxectivo das accións humanas, das relacións humanas, e das situacións humanas. Foi Max Weber quen fixo desta distinción a pedra angular da súa metodoloxía. O significado subxectivo, neste senso, é o significado que unha acción ten para o actor ou que unha relación ou situación ten para a persoa ou persoas involucradas. O significado obxectivo é o significado que a mesma acción, relación ou situación ten para calquer outra persoa, xa sea un socio ou un observador na vida cotiá, o científico social, ou o filósofo. A terminoloxía é dasafortunada porque o ‘significado obxectivo’ é obviamente un nome inapropiado, na mesma medida en que as chamadas interpretacións “obxectivas” son, a súa vez, relativas ás actitudes particulares dos intérpretes e, xa que logo, en certo censo, ‘subxectivas’” (II, 275; cfr. Lester Embree, “Notes on the Specification of Meaning in Schutz”, *Human Studies*, vol. 14 (1991). Quen isto escribe prefere agora falar da “interpretación” individual ou colectiva dos interiorizados no asunto [*insider*] e logo de diversas interpretacións dos alleos ao asunto [*outsider*].

interpretar estas relacións nos termos dos significados subxectivos das persoas en cuestión”¹⁶.

O sociólogo legal pode, polo tanto, proceder nas súas investigacións independentemente de consideracións normativas e, polo tanto, de modo puramente teórico. Un podería preguntarse se Schutz podería recoñecer unha “economía legal”, por así decilo, que se ocupe de trazos do comportamento da economía concreta “na medida en que sexa salientable para o economista”, mais non foi advertida na súa obra ningunha outra sinal de que confíe en ningunha outra ciencia social que non sexa a socioloxía do dereito. En todo caso, pódese ver como, polo menos en relación cos seus alicerces, Schutz pode ver á xurisprudencia coma unha ciencia social teórica. Ademais, por máis incompleta que sexa, a súa teoría do dereito amosa o amplo que é realmente o alcance da súa teoría da ciencia. E, unha vez máis, o alento da visión teórico-científica de Schutz ben pode semellar acolledora para membros doutras disciplinas non filosóficas.

IV

Finalmente, podemos voltar á cuestión do práctico, empezando non polas disciplinas teóricas, senón polas prácticas. Moitas das disciplinas non filosóficas enumeradas ao principio deste ensaio —é dicir, educación, administración, medicina, enfermería, psiquiatría e psicoterapia (outras son doadamente maxinables, como o traballo social)— non son estrictamente disciplinas teóricas ou cognoscitivas. A miúdo a economía e o dereito semellan ser, en realidade, máis prácticas que teóricas. Noutras verbas, ¿como é que son disciplinas aplicadas ao igual que puras? Schutz fala, en efecto, das chamadas “ciencias aplicadas”.

“Todas as ciencias aplicadas teñen o obxectivo de inventar artigos <manexables> para dominar o mundo. Mais nin daña a dignidade da ciencia nin lle resta mérito ás ciencias aplicadas o que afastemos a actitude meramente teórica da contemplación —que é un elemento integral do proceso científico— da súa aplicación práctica. <Noutras verbas, nós>

¹⁶ É interesante ver como continúa a pasaxe: “Mais, ao facer isto, confunde os tipos ideais nos termos dos que unha das persoas maxínase ao seu socio real cos tipos ideais de socio do mesmo sociólogo. Somentes hai dous modos posibles para remediar esta situación e facer posible un concepto descriptivo xenuino do tipo desexado polos sociólogos legais. A primeira sería achar dende o principio o punto de partida dende o que se ten que construír o tipo. Isto significa que o sociólogo legal identificaríase a si mesmo cun dos actores, postulando como invariantes non só actos deste, senón tamén os seus esquemas interpretativos dos seus socios. O sociólogo tería entón que considerar os conceptos típico-ideais así construídos como obrigatorios para el mesmo. Se este fora o procedemento adoptado, o tipo de concepto sociolóxico utilizado derivaríase directamente do campo mesmo do dereito: lexislador, xuíz, avogado, socio, veredicto, execución, etc. A alternativa consistiría en obter un principio dacordo co cal estes tipos máis xerais poden ser transformados nos tipos ideais individuais que os socios teñen un do outro en situacións concretas” (PSW, 206).

facemos abstracción do feito de que os resultados <científico-contemplativos> pódense utilizar con fins “mundáns”. A teorización científica é unha cousa, e tratar con “trazos do coñecemento científico que son aplicables” no mundo é outra”¹⁷.

As disciplinas que vimos de mencionar que van alén da actitude teórica da contemplación teñen, nembargantes, compoñentes teóricos nelas, e é en relación con elas que a teoría da ciencia de Schutz podería tamén estenderse alén do seu alcance orixinal (ou, polo menos, alén do seu énfase nas disciplinas puramente teóricas). Esta posibilidade, se é percibida, tamén pode contribuir ao atractivo que exerce Schutz nas disciplinas prácticas.

Para dar só un pequeno paso alén da letra de Schutz, mais aínda co seu espírito, pódese observar que falar de “ciencia aplicada” pode levar a trabucarse, porque iso podería suxerir que os todos ou as partes de ciencias individuais son primeiro desenrolados e despois aplicados a problemas prácticos, de xeito que tome forma unha nova disciplina cando, en realidade, a disciplina práctica adoita vir primeiro (por exemplo, houbo enfermidade moito antes de que tivera un baseamento científico) e a investigación de resultados teóricos cos que se mellora a práctica ven despois. Ademais, a procura deses resultados é a miúdo asumida por membros da disciplina práctica en cuestión, non polos “científicos puros” alleos a ela, especialmente cando as disciplinas teóricas relevantes non logran dirixirse aos problemas que constitúen a preocupación inmediata da disciplina práctica. Ademais, mesmo cando os resultados das disciplinas puramente teóricas son usados nunha disciplina práctica, adoitan vir de máis dunha soa ciencia pura (por exemplo, a etnoloxía así como a neuroloxía en psiquiatría). Xa que logo, semella ser mellor evitar o termo “ciencia aplicada” e usar termos calificativos como “científico” ou, mellor aínda, “con fundamento científico”. Mais, unha vez máis, corresponde aos membros das disciplinas prácticas baseadas na ciencia ou científicas decidir se adoptan ou non tal suxerencia teórico-científica, a que, incidentalmente, vai alén da letra de Schutz.

Para resumir, especulouse que o atractivo de Alfred Schutz fora da filosofía, consiste en como a súa teoría da ciencia (1) ten unha noción ampla e receptiva das ciencias non naturalistas en canto ciencias que se ocupan principalmente da cultura e das persoas e que moi ben pódense chamar “ciencias cul-

¹⁷ IV, 45; cfr. I, 245: “Eiquí desexo adiantarme a unha posible obxeción. ¿Non é o derradeiro fin da ciencia o dominio do mundo? ¿Non están destinadas as ciencias naturais a dominar as forzas do universo, as ciencias sociais a exercer o control social e a ciencia médica a loitar contra as enfermidades? ¿E acaso non é a única razón de que o home se interese pola ciencia o seu desexo de elaborar as ferramentas necesarias para mellorar a súa vida cotiá e axudar á humanidade na súa procura da felicidade? Todo isto, sen dúbida, é tan verdadeiro coma trivial, mais non ten nada que ver co problema que nos ocupa. Por suposto, o desexo de mellorar o mundo é un dos máis fortes motivos que lle dan pulo ao home cara a ciencia, e a aplicación da teoría científica leva, por suposto, á invención de recursos técnicos para o dominio do mundo. Mais nin estes motivos nin o uso dos seus resultados para propósitos “terrenais” é un elemento do proceso mesmo da teorización científica. Unha cousa é a teorización científica, e outra abordar a ciencia dentro do mundo do executar” (Trad. *Ibid.*, pp. 227s.).

turais”; (2) clarexa conceptos básicos e métodos, empezando por aqueles relativos ao significado subxectivo e á interpretación, que son básicos en todas as ciencias culturais, e resta importancia aos métodos formais, e por iso estas pódense chamar cualitativas e/ou interpretativas; (3) aborda disciplinas non filosóficas dun xeito respetuoso e cooperador e non dun xeito dominante, incluíndo reflexións dos científicos culturais sobre as súas mesmas disciplinas, pois son eles quen deciden sobre calquer cambio que se propoñan; e (4) proporciona polo menos o comenzo de reflexións sobre disciplinas prácticas baseadas na ciencia.